



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE CATRO (4) PEÓNS FORESTAIS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDA NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL CONCELLOS 2025).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000001

Considerando que con data 21/05/2025 ditouse a Resolución da Alcaldía nº 285/2025, pola que se acordaba (cita en extracto da parte resolutiva):

“Primeiro: Aceptar a proposta de selección realizada polo tribunal cualificador referidas a catro (4) peóns forestais PEL 2025, quedando do seguinte xeito:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	VILLAR RODRIGUEZ, JOSE ROGELIO	***2422**	8,60
2	LEMA BOTANA, IVÁN	***3554**	7,90
3	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, DANIEL	***9775**	7,80
4	CAMPOS PIÑA, LUIS ALBERTO	***9608**	7,50

Segundo: Que os aspirantes seleccionados inicialmente, que figuran a continuación, se sometan ao exame médico que se establece na base 9ª da convocatoria, aos efectos de verificar a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo. O resultado deste exame será apto ou non apto. Se algún dos seleccionados inicialmente non supera o exame médico quedará excluído do procedemento.

.../”.

Considerando que a acta do tribunal cualificador está exposta ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica dende o 16/05/2025 e que a Resolución de Alcaldía nº 285/2025 de data 21/05/2025 que está exposta ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica dende o 21/05/2025 e que no seu apartado cuarto sinala:

“Cuarto: Conceder un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución na sede electrónica do concello para a presentación de reclamacións ou alegacións.”

Que transcorrido amplamente o citado prazo sen que se presentasen reclamacións ou alegacións.

Considerando que os citados aspirantes seleccionados inicialmente teñen superado o referido exame médico e presentado a documentación esixida pola base 10ª que rexe o procedemento de selección/contratación.

Á vista do exposto, de conformidade coa bases que rexen o procedemento e unha vez que o expediente (fase D) ten sido fiscalizado de conformidade pola intervención municipal, é polo que en uso das competencias/facultades que me atribúe o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Contratar como persoal laboral temporal, baixo a modalidade contractual para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo parcial, ás persoas que se dirán a continuación, ao abeiro do programa PEL CONCELLOS 2025:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

APELIDOS E NOME	DNI
VILLAR RODRIGUEZ, JOSE ROGELIO	***2422**
LEMA BOTANA, IVÁN	***3554**
RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, DANIEL	***9775**
CAMPOS PIÑA, LUIS ALBERTO	***9608**

Obxecto do contrato: Traballos de peón forestal Programa PEL CONCELLOS 2025 que figura na Memoria do servizo asinada no expediente 2024/A008/000031 e o resto da documentación obrante no expediente 2025/E001/000001.

Grupo ou categoría profesional: Peón forestal.

Grupo de cotización á seguridade social: 10 peón.

Código CNAE / letra ocupación: 8411g (letra ocupación g)

Xornada laboral: 30 horas semanais (xornada parcial: 80 % de 37,5 horas semanais).

Que a distribución do tempo de traballo será de 6 horas diarias de luns a venres.

O código de contrato para as contratacións que se formalicen a xornada parcial é o 505.

Segundo: Que os contratos teñan unha duración total de 6 meses e 13 días. Dende o 02/06/2025 ao 15/12/2025 (ambos *inclusive*).

Que as retribucións brutas mensuais sexan de 1.105,06 euros/mes (desglosado en salario mensual: 947,20 € e rateo da paga extraordinaria 157,86 €), tendo en conta que se trata dunha xornada parcial do 80%.

Terceiro: Notificar a presente aos interesados que figuran no parágrafo primeiro e se lles cite para que procedan á sinatura do contrato.

Cuarto: Dar traslado do presente aos servizos económicos do concello.

Quinto: Facer publica a presente no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).